

Luis Diéguez
Lugo

Doulle a Felicitación en nome do Colexio público de Cádabo-Baleira e dos nenos galegos en xeral por escribir unha novela con tanta calidade como é "A canción do Vagabundo"

- ¿Qué importancia teñen para Vd os premios literarios?
- ¿Qué aproveitamento se pode facer desta novela no campo educativo galego?
- ¿Con que intención foi escrita a obra e que temática pretende reflexar?
- ¿Cal é a situación actual da novelística galega e cales son as perspectivas inmediatas?
- ¿Qué papel debe desempeñar a escola na promoción da cultura galega?

Agradecemoslle a contestación.

O noso agradecemento e reiteración da felicitación

~~Oscar Valente Ruiz~~
En nome do Colexio público
de Cádabo-Baleira (Lugo)
8-3-87

D. Oscar Valiño Pin
Cádavo-Baleira
Coléxio Público Comarcal.

Lugo, 24 Marzo 87

Alédame grandemente a vosa carta, pois é, dalgun xeito, un recoñecimento á lectura, á nosa cultura, cousa a agradecer. Particularmente considero un honor para min que vos puñerades a matinar, ou ler, ou simplemente a falar da "Canción do Vagamundo". Quedo á vosa disposición, e paso xa a vos contestar as preguntas.

1. ¿Que importancia teñen para Vde. os premios literarios?.

Teñen unha importancia relativa na medida en que non creo neles porque están sometidos a moitos intereses, tal como pasa noutros aspectos da vida. Non obstante, dicir isto leva algo de contradición, pois non creo neles pero apresetome aos mesmos. Se o fixen foi debido a unha situación de silencio que se daba sobre a miña obra. Non me era doado publicar por ser un home non acorde con moitas cousas que se fan neste País, un home moi nacionalista, crítico e loitador pola nosa Terra. Inda por riba non escribo o noso idioma na normativa oficial, aspecto este que non lle gusta a algunhas editoriais porque de non fixala como mandan non reciben asignacións económicas polos libros editados. En fin, sería moi longo explicar todas estas cousas, pero podedes quedar coa idea de que acabei apresetándome ao Premio Blanco Amor co único obxectivo, ou co obxectivo principal de poder editar a novela. E conseguínno, por sorte ou polo que sexa, e aí está.

2. ¿Que aproveitamento se pode facer desta novela no campo educativo galego?.

Pódese estudar, por exemplo, como foi a educación dos nosos pais e como é a nosa, como foi a educación de varias xeracións antes que a vosa e que resultados tivo na persoa de deses homes e mulleres que formaron parte das xeracións devanditas.

Hai unha parte da novela na que a mamai Otilia fala cun morto, co seu home, e tocan un pouco este tema. E tamén noutras, cando os persoaxes ollan para atrás das suas vidas e tiran conclusións da educación xeral que en Países como o noso se lle dá á xente. O mesmo Pedro chega a dicir que cunha boa educación na etapa da infancia podíanse correxir moitos problemas que se nos dan cando chegamos a maiores.

E logo está todo o problema do noso idioma aínda sen normalizar, e da súa incidencia na xente, no xeito de sentilo ou xuzgalo, de crer nel ou non, de comparalo co poder e coa riqueza, etc., cuestión esta reflexada tamén no desenvolvemento das vidas dos persoaxes da novela.

3. ¿Con que intención foi escrita a obra e que temática pretende reflexar?

Foi escrita coa intención de que galegos e galegas reflexionemos aínda que seña unha miga sobre as nosas vidas, o que somos e representamos nun País riquísimo e non obstante empobrecido. Con mentes disto o tempo criativo abrangue varias xeración para así poder estudar e comparar o que se fixo connosco e os preparativos gardados nos novos esquemas de "modernidade", así, con comillas.

A temática céntrase na manipulación e no poder dos medios de comunicación. Como unha noticia falsa ou terxiversada pode destruír a verdade e o honor das persoas, dos países ou de grupos sociais determinados. A xente aínda cre na independencia destes medios, e non obstante todos dependen de intereses prefixados. Os de máis poder sempre son os dos que gobernan os cartos, non os da xente máis humilde. Esta cousa é moi séria, pois ás veces fannos pasar gato por lebre como se di popularmente e nós non nos enteiramos.

E ao fin outro tema que quixen destacar foi o da vida dos nosos vellos e vellas en Galiza, o seu desamparo, o esquezo no que se manteñen e o mal que o pasan.

4. ¿Cal é a situación actual da novelística galega e cales son as perspectivas inmediatas?

Penso que é boa, que se está traballando moito e hai moito por aparecer para xuzgala máis pontualmente. Quezais se traballe máis,

comparativamente, no eido da poesía, pero a narrativa está dando pasos adiante á altura de calquera país culturalmente de importancia. Se non se fala máis de nós é porque aínda non somos donos nen do noso idioma nen do noso país. Aquí está o problema. Calquera nación pode construír o que queira. Só ten que ser iso, soberana.

Non podo dicir, se entendo ben a pregunta, cais van ser as perspectivas inmediatas, porque non depende de min sómente, senón de todos e todas aquelas que a fan posíbel. Pero pódovos dicir que hai moito traballo feito que aínda non saíu ou non puido saír á luz.

5. *¿Que papel debe desempeñar a escola na promoción da cultura galega?*

Eu mudaría a palabra que vós utilizades, "promoción", pola de "normalización". A escola, se é galega, ten que partir daí para dar coñecemento do mundo. Se non é galega non, claro. Pensade que se somos galegos e nos ensinan nun idioma que non é o noso, e unha historia que tampouco é a nosa, e unha literatura que tampouco, entón ¿que é o que pasa?. Pasa que nos queren capar, e capados valem menos. Por iso a cultura, a idiosincrasia dos povos, a defensa da nosa galeguidade, ten que ser o campo abonado na escola galega. E será cando nós queiramos que sexa, cando profesores e alumnos sintan que a liberdade é ser o que nós queiramos e non o que outros queiran que sexamos. Sen escola galega, para rematar, xamais poderá existir o ensino da nosa cultura.

Unha aperta.

Lois Diéguez.